

# A FAVOR DE ISRAEL

## Pilar Rahola

Cando Hermann Broch, en plena loucura sanguinaria hitleriana, lanzou a súa terríbel aseveración - “o peor crime de Europa é a indiferenza”-, construíu algo máis que unha frase histórica. De feito, intentaba lanzar un dardo ao corazón mesmo da conciencia europea, obrigábaa a mirarse ao espello e encontrarse consigo mesma. O resultado desa mirada interior, de terse producido, tería os mesmos efectos que o retrato de Dorian Gray: a monstruosidade non só non era allea á conciencia europea, senón que nacía dela mesma. Europa era indiferente na superficie porque era culpábel na profundidade, nese abismo interior onde mimara e alimentara durante séculos o ovo da serpe.

A xudeofobia non era unha continxencia histórica, acoutada en tempo e espazo, senón unha cultura de fondo que explicaba toda a historia de Europa. Dalgunha maneira, o odio aos xudeus fundara Europa: era o seu máis prominente socio fundador.

Por iso Broch equivocouse no seu berro desesperado: Europa non era indiferente, Europa era o problema. E por iso mesmo nunca fixo unha introspección seria, historicamente tan hábil no manexo da minimización da propia culpa.

Hitler? Hitler non foi máis que o elo último dun progresivo proceso de destrución da alma xudía que conformaba a alma europea, proceso de destrución que, á súa vez, era necesariamente un proceso autodestrutivo. Como dixo Benjamin Netanyahu seriamente doído, nunha das súas últimas visitas oficiais a Estados Unidos en representación de Israel, “os europeos xa nos quixeron exterminar unha vez no pasado”.

É dicir, foi Europa quen quixo exterminar os xudeus –e de feito conseguiu exterminar moitas das peles da súa resistente pel-, e volve a ser Europa quen, en certo sentido, avoga polo seu exterminio.

É iso certo? Estou desgrazadamente convencida diso, e é esa convicción a que me leva a escribir estas liñas. A convicción de formar parte dun corpo europeo que cometeu o peor crime da humanidade, o exterminio industrializado de toda unha cultura, e que, a pesar diso, non se vacinou contra o seu propio odio. Europa librouse dos xudeus, pero non se librou da xudeofobia.

Iso explica o seu histerismo acrítico pro-palestino, a súa esquerda ferozmente antixudía, a súa macabra banalización da Shoah –esa “morte do alma humana” que Lanzmann converteu nun corpo a corpo cun mesmo-, os seus intelectuais de pouca monta tan amantes da liberdade que foron amando intelectualmente a todos os ditadores da historia, Mao-Tse-Tung, Stalin, Pol Pot, agora Arafat.

Iso explica esa nova construción ideolóxica do antisemitismo, versionada como antisionismo -e que Bernard Henry Levi considera a máis depurada das versións modernas do racismo, aínda que a súa formulación fose un clásico do pensamento soviético...-, e explica tamén a fascinación que chega a producir, en determinada intelectualidade europea, calquera fascismo que incorpore o antiamericanismo entre as súas fobias totalitarias.

Saramago sería o exemplo máis notable do que en 1884 August Bebel tipificou como “o socialismo dos imbéciles”. E é que un pode escribir como os anxos e pensar como os idiotas...

Europa é Kafka. E Heine (visto como demasiado xudeu en Europa e demasiado “europeo” entre os xudeus), e Freud, e Marx e até Einstein. Porén, igual que o propio Kafka, non só non coñece a súa

identidade senón que a nega e a destrúe, tan exiliada de si mesma que fixo do auto-odio unha forma de reafirmación.

A súa relación co xudeu, propio e estraño ao tempo, foi sempre a crónica dun harakiri planificado, até o punto de chegar a un sen sentido histórico: Europa non se explica sen o xudeu e, ao mesmo tempo, sempre se explicou contra o xudeu. É dicir, contra si mesma.

A súa conciencia colectiva fórmase a través das diferentes formas que a xudeofobia inventa, e de aí nace todo. Igual que o seu antiamericanismo patolóxico, tan desleal cos miles de mozos americanos que perderon a vida liberándoa das súas máis profundas miserias, o seu antisemitismo tamén é patolóxico.

Finalmente, despois de máis de mil anos de intentalo, conseguiu destruír a súa alma xudúa. Ao facelo, envileceuse até tal punto que, en certo sentido, morreu. Por iso, o que queda de Europa despois do holocausto parécese tanto ao esperpento valleinclanescos: o espléndido heroe épico reflectido no espello cóncavo. Distorsionado. Embrutecido. Desprovisto de toda grandeza.

Escribo a favor de Israel, primeiro porque son europea, e non esquezo a responsabilidade directa de Europa en todo o que acontece ao mundo xudeu. De Europa é a responsabilidade da creación do estado de Israel.

É Europa quen crea conciencia, a necesidade de Estado como última esperanza para a supervivencia. É Europa quen escribe en 1896 o “Der Judenstaat”, da man de Theodor Herzl; é Europa quen envía, en 1906, a Yafo, un mozo proveniente da Polonia rusa, o mítico David Grin, máis tarde hebraizado como Ben Gurion.

Fillos dos *progrom*, a diáspora e a destrución sistemática do seu pobo, é Europa quen envía a miles de mozos a esa “terra sen pobo, para dotala dun pobo sen terra”. Mozos que primeiro quixeron ser franceses, alemáns, polacos, rusos, hispanos, pero que foron obrigados a ser soamente xudeus; é Europa quen crea a nación xudúa, pois, convertendo á súa xente no único pobo do mundo destinado ao exterminio total; é Europa quen constrúe a estación final de Auschwitz; é Europa quen converte a creación de Israel na solución extrema...

Pode Europa auto-otorgarse un papel moral no conflito de Oriente Próxima sen partir da súa radical, monstruosa, xigantesca inmoralidade histórica? Quizais esa é a clave para entender a actitude do seu pensamento oficial: coa súa adscrición maniquea e acrítica ao vitimario palestino, Europa exorcízase da súa propia culpa, négaa até facela desaparecer. Xa non se trata de ser indiferente, como recriminaba Broch. Agora trátase de ser dedo acusador, linda maneira de deixar de ser culpábel...

A banalización da Shoah forma parte deste mesmo proceso de exterminio. E aquí hai que ser dunha claridade meridiana: o uso perverso da memoria do holocausto como toma de postura no conflito de Oriente Próximo, é unha degradación radical da moralidade, e, sen dúbida, é a punta de lanza dun pensamento profundamente reaccionario.

A paradoxo de que tal pensamento calle, sobre todo, entre intelectuais progresistas, líderes de esquerdas e movementos defensores dos dereitos humanos, non resulta sorprendente. Á fin e ao cabo, esta paradoxo define historicamente a unha esquerda “tan verdadeira”, que a miúdo foi o brazo executor dos postulados máis retrógrados.

Ben asentados estes movementos no que Glucksmann chama “os buracos negros” da nosa memoria colectiva –Vichy, a guerra de Arxelia, o Gulag soviético, as propias persecucións contra os xudeus-,

reescriben até tal punto a historia que tenden a negala. E só desde esa negación a partir dunha negación estremecedora da conciencia europea, pódese usar o holocausto como arma arreboladiza contra Israel.

Xa non se trata só de militar na Hasbara, de amar o principio de información por riba da propaganda, de querer ser cronistas da verdade e non do odio. Trátase, sobre todo, de respectar as vítimas do crime industrializado. Porque haberá que dicirle aos Saramagos do mundo que banalizar as vítimas da Shoah é unha forma de volver a matalas. Como dixó alguén, o rigor histórico non só é unha obriga científica, diante do holocausto é unha esixencia moral.

Por certo, e con permiso de Joan Culla que utilizou este argumento nun artigo: se as 52 vítimas palestinas de Jenín (contabilizadas por unha ONG tan pouco sospeitosa como Human Rights Watch), mailas 23 vítimas israelís -¿ou non contan?- son equiparables ao Holocausto,

A que son equiparables o case millón de persoas que veñen morrendo vítimas do proceso sanguento de islamización do Sudán, ou as 20.000 vítimas do esmagamento da sublevación da cidade siria de Hama por parte de Hafed o Assad; ou as 100.000 que ten no seu macabro haber o terrorismo islámico alxerino?

E, a que sería equiparable a sistemática destrución de poboados cristiáns libaneses a mans de faccións palestinas? A que sería equiparable o matanza de palestinos que perpetrou, no seu particular setembro negro, o bo amigo Hussein de Xordania?

Porén, todo iso non conta para unha esquerda que, datos en man, non se indigna polas vítimas musulmás, coa súa mítica auréola de terceiromundismo que tanto gusta a eses vellos carcas da progresía, senón exclusivamente por aquelas vítimas musulmás que teñen caído baixo balas israelís, no fragor dun conflito que é unha guerra.

É dicir, a mesma esquerda que non lembra que foron os comunistas os que máis comunistas mataron da historia, tampouco ten interese en saber que ninguén matou máis palestinos cós propios árabes.

Para que perderse en números, se o que move a indignación, a protesta organizada, a escándalo mediático e a reclamación diante da sempre atenta e amiga ONU –que chegou a ter de presidente a ese bonito nazi chamado Kurt Waldheim-, é exclusivamente a culpa xudía?

De aí nace a inmoralidade dun Saramago, de aí nacen eses reaccionarios de esquerdas, tan preocupados polos dereitos humanos, que chegan a considerar unha traxedia a caída do muro de Berlín. A esquerda implicada no totalitarismo estalinista, e que non obstante só lembra as culpas do fascismo...; a mesma fascinada por un terceiromundismo folclórico que chega a minimizar e até comprender o totalitarismo integrista; a mesma que odia a América porque en realidade odia, non os seus erros, senón os valores que representa; a mesma que odia a Israel, porque Israel é a encarnación máis resistente e xenuína do racionalismo. E afirmar isto entre noticias militares, atentados e ocupacións, podería parecer unha impertinente ousadía. Porén, só un estado arraigado en valores racionais, podería aturar máis de 50 anos de intento sistemático de destrución. En fin, a mesma esquerda que atopou na ocupación de Cisjordania e Gaza a escusa perfecta para canalizar o seu antisemitismo...

Por suposto non esquezo un aspecto básico: a ignorancia. Oriente Próximo é o máis mencionado en todos os cenáculos que se precen. Pero é o máis mal coñecido. A superposición de mentiras chegou a ser tan notábel, persistente e minuciosa que conseguiu conformar unha verdade paralela. Unha realidade paralela.

Escribo, pois, a favor de Israel, porque me repugna o uso perverso do holocausto, a pornográfica frivolidade con que se xoga coa memoria da peor traxedia da humanidade. E porque, se eu son Kafka, e Heine, e Freud, tamén son cada unha das vítimas que morreron na solución final...

Ser europeo implica unha dualidade terríbel e inevitábel: ou se está no lado das vítimas; ou se está no dos verdugos. Non pode existir a indiferenza que Broch citaba: ninguén, que non sexa vítima, resulta ser inocente. Da negación do holocausto colga, cal fillo natural do mesmo proceso de distorsión, a negación da violencia palestina. Así, mentres as vítimas israelís non existen, convertidas en pura continxencia inevitábel, as palestinas son revestidas dunha auréola épica que as engrandece máis alá do sufrimento.

Coma se fosen a crónica dun martiroloxio, nesta nova relixión que é, para algúns, a causa palestina. Xa que logo non existe a pequena Lea Schijverschunder, de 9 anos, que quedou gravemente ferida e perdeu a 5 membros da súa familia. Un home bomba... Non existen Galila Bugal, de 11, nin Shani Avi-Tzedek, de 15, dous das decenas de vítimas mortas nun dos autobuses repletos de civís que homes-bomba fixeron estoupar. Non existen as decenas de vítimas infantís da Bar Mitzva que un home-bomba decidiu celebrar á súa maneira. Nin as 23 persoas mortas na celebración da Pesaj, nin a muller embarazada de 8 meses que un home, cara a cara, ametrallou, no mesmo acto asasino no que mataron, entre outros, a un meniño de meses.

Nin sequera existen os desprazados e os refuxiados xudeus –concepto que non recoñece nin a ACNUR-, a pesar de que case 800.000 xudeus tiveron que saír dos países árabes, máis do 95% en moitos casos. Non existen as vítimas xudías porque son xudías e, xa que logo, son responsábeis da súa propia morte, fatal destino de quen naceron no pobo escollido... para o exterminio.

No maniqueísmo oficial que milita a gramática xornalística europea, as vítimas só poden ser palestinas. E os asasinos, só xudeus. Calquera dato que torza esta dualidade perfectamente trabada, sinxelamente é ignorado. E así creamos un nova linguaxe para unha nova épica, desproveitos como estamos das épicas de antano. Aos asasinos fanáticos palestinos, chamámoslles milicianos, bonito concepto de vellas resonancias románticas. Non son, pois, tolos inchados de odio na alma e de metralla no estómago, senón resistentes.

Ás bombas indiscriminadas, pensadas para matar a vítimas civís, cocidas na cociña do odio totalizado, chamámoslles accións de loita. Ao propio odio, planificado a partir da mesmísima autoridade palestina, perfectamente estruturado como un pensamento colectivo, odio nas escolas, nas festas, nas cancións, na vida, ese odio antigo que levou a Golda Meir a pronunciar unha frase histórica, “chegar á paz cando os palestinos amen aos seus fillos máis do que odian aos xudeus”, ese odio non é odio, senón simple e razoábel resentimento.

Tampouco existe un Arafat violento e totalitario, aínda que a súa biografía terrorista sexa tan ampla como os centenaes de mortos que enfeitan o seu camiño. Ese líder cego que foi destruindo todas as posibilidades de paz, que enganou a cada un dos líderes israelís cos que tratou e que, sobre todo, dinamitou a gran esperanza branca dos acordos de Oslo. Ese home tan abrazado á causa palestina como alérxico a un estado palestino –matiz farto significativo, posto que estado significa loxística, contradicións, complicacións, quizais liberdades...-; ese personaxe que nunca quixo un pacto con Israel, senón o exterminio de Israel, e que mereceu o desprezo dun Clinton convencido de que foi traicionado, como tamén o foi toda a esquerda israelí.

Ese líder da violencia, responsábel directo da onda de atentados do momento actual –e de tantos outros-, e cuxo amor á vida dos seus é máis ben escasa: “podemos sobrevivir a Sharon, pero, sobreviviremos a Arafat?”, salientaba non hai moito un palestino; ese home que acumula tantas

mortes civís como erros históricos, tanto totalitarismo violento como corrupción, e cuxo único ecosistema é a guerra, ese home non existe.

Para a Europa da nova moral fronte ao xudeu, só existe o pobre e vello resistente, última ocasión para namorarnos novamente dun ditador. Non é un estratega, é un terrorista. Pero decidimos que é o noso terrorista, coma cando os piratas dun, non eran piratas senón corsarios. Coma cando Kissinger dixo aquilo de Pinochet: “é un fillo de puta, pero é o noso fillo de puta”. E iso que os medios de comunicación europeos, os mesmos que editorializan escandalizados con Belén ou Jenín ou Gaza, poderían ter feito un festín coas violacións palestinas dos acordos de Oslo. E iso que as denuncias, contra Arafat, por corrupción coas axudas europeas, foron publicadas incluso en Kuwait.

E iso que, postos a pedir xuízos por crimes contra a humanidade, Arafat leva algunhas maletas sangrentas a costas. Non sería o exterminio de 30.000 cristiáns libaneses, uns 10.000 a mans das milicias de Arafat, un titular ben bonito? E iso que publicar a arenga de moitos imáns, apelando á obriga ao martirio, daría moito xogo, co seu sistema metódico de inculcación de valores fatalistas.

E iso que os millóns de petrodólares dedicados ao terrorismo palestino, e non ás escolas, aos hospitais, ás infraestruturas, sería lindo de analizar. E iso que cando Gaza e Cisjordania estiveron durante anos en mans árabes, ninguén suxeriu alí un estado palestino, bonito tema de debate...

E iso... Pero no xornalismo que decide que a ocupación da basílica de Belén por parte de 150 terroristas, armados até os dentes, que chegaron a adosar até 40 bombas nas paredes da basílica, non é unha ocupación terrorista, senón o asedio do exército israelí contra un lugar sagrado, nese xornalismo que interese ten a información, o rigor, a veracidade, a neutralidade? Sobre todo a neutralidade, optando todos por unha cómoda e catártica “neutralidade pro-palestina”.

Na perversión última desta consciente ou inconsciente distorsión da realidade, non existe unha nova forma de fascismo: o integrista islámico. Existe só unha loita con causa. Que o Mein Kampf de Hitler ou os repugnantes “Protocolos dos sabios de Sion”, nados baixo o brazo dos servizos secretos zaristas, sexan best-sellers no mundo árabe, debe ser un síntoma lóxico da lóxica civilizada das cousas...

Tamén debe ser lóxico que algúns grupos nazis europeos celebren a caída das Torres Xemelgas e teñan a Bin Laden como un novo Fürher: todo cadra. Todo o feito de que Europa está volvendo a caer nos seus mesmos erros –“vólvenos a traizoar” óese nas rúas de Israel-, incapaz de dixerir os xudeus incluso cando xa non habitan entre os seus. Como era aquilo? Primeiro dixéronnos “non podedes vivir entre nós como xudeus”. Despois, “non podedes vivir entre nós”. Finalmente, “non podedes vivir”. Non podedes vivir nin en Israel, o estado que creou a propia Europa. Por iso Israel ten que pedir perdón polos seus actos, incluso cando ten razón. E nunca, nunca, pode enganarse.

Como nunca pode perder. Porqué detrás dunha derrota árabe chega outra guerra, e outra, e outra. Pero a primeira derrota de Israel significaría a súa desaparición absoluta. “Se alguén di que quere destruírte, cello”, dixo Menahem Begin, e dez anos despois da súa morte, a afirmación non pode ser máis válida.

Incluso entre os sectores máis dogmáticos do pensamento europeo, hai unha evidencia que resulta irrefutábel: no pensamento colectivo israelí, latexa a irreversibilidade dun estado palestino, máis tarde ou máis cedo. A súa esixencia non é o territorio, é a paz. Pensemos, por exemplo, no retorno de todo o Sinaí a Exipto, cando a paz con este país foi un éxito. “Só é deserto”, dicíame un deses ignorantes ilustrados que corren por aí. Nin sabía nin tiña interese en saber que o Sinaí, certamente, era deserto cando o ocupou Israel, pero devolveuno con pobos urbanizados, hospitais, escolas e... petróleo! Petróleo que os árabes nin sabían que tiñan, e iso tendo en conta que Israel non ten

petróleo. Por certo, foi Sharon en persoa quen obrigou ao retorno dos colonos xudeus que se asentaran no Sinaí.

A obsesión de Israel é a seguridade e, en consecuencia, a paz. Xa que logo, as sucesivas derrotas árabes nas guerras contra Israel teñen un prezo: o prezo da seguridade de Israel. No pensamento colectivo israelí, pois, e máis alá dalgunhas radicais perfectamente minorizados na sociedade, non existe a negación do dereito palestino.

Israel quere vivir seguro como Estado e é a partir da seguridade que se relaciona co seu entorno un entorno até agora totalmente agresivo. No pensamento colectivo palestino, en cambio, o que late é a vontade de facer desaparecer Israel e practicamente ninguén acepta a existencia dos dous estados. “Despois de 32 anos, onde está o Movemento “Paz agora” palestino?, preguntábase con cansazo Mario Wainstein, co-fundador do Movemento Shalom Ajshav e activo militante polo diálogo palestino-israelí. “¿Onde, os intelectuais palestinos que nos dan o pésame polas nosas vítimas de atentados, como os vinte preminentes escritores israelís que foron dar o pésame ás casas de vítimas palestinas?”.

Sen raíces ancestrais, perdida no gran magma da identidade árabe –o propio mito irreal do pobo palestino, inventouse como escusa para a ocupación árabe- a identidade palestina non só é moi recente, senón que sobre todo creouse en función do odio a Israel. É dicir, da mesma forma que Europa se explica, ao tempo, polo seu compoñente xudeu e polo seu compoñente antixudía, ambas tan estreitamente relacionadas que conforman as dúas caras da mesma identidade, tamén o palestino se explica, case exclusivamente, polo seu compoñente antixudeu.

Xa que logo é tan difícil acabar coa violencia extremista palestina. Non só pola irresponsabilidade de líderes violentistas como Arafat, ou pola directa relación do petrodólar co integrismo. Tamén por un feito máis sutil, quizais menos tanxible: se os palestinos renuncian ao odio aos xudeus, perden unha parte substancial da súa identidade. Ergo, teñen que reinventarse. Pero, están preparados para reinventarse? Non o parece... De xeito que, Menahem Begin, se alguén di que quere destruírte, crelo...

Escribo a favor de Israel, pois, porque non quero ser cómplice da deliberada, sistemática e perigosa distorsión da realidade que practica o xornalismo europeo, con poucas excepcións, tan fusionado coa causa palestina, que chega incluso a ter mala conciencia cando se ve obrigado a informar sobre algo que non sinale a culpa israelí. até os mortos israelís son informados como unha consecuencia do propio Israel. Coma se Israel, no fondo, os matase. A favor de Israel, pois, porque non acepto que a defensa da causa palestina sexa a escusa para un novo gromo antisemita. Porque me repugna a cegueira dunha esquerda, a miña esquerda, que aínda milita nos seus tics máis retrógrados, e que, levada polas súas fobias xudeofóbicas –nunca recoñecidas, e porén perfectamente contrastadas- non acerta a albiscar o enorme perigo da nova cara do totalitarismo: o integrismo islámico.

Foi Glucksmann tamén quen, non hai moito, alertou o mundo árabe neste sentido: “o Islam, ou consegue parar a tolemia das súas milicias, os seus mozos combatentes de Deus, ou terá iniciado o seu propio fin, unha vez caia nas gadoupas do fanatismo, igual que lles pasou ás dúas outras ideoloxías totalitarias do século XX”.

E engade, falando dos asasinatos indiscriminados a civís: “Igual que non podes durmir con quen queiras, tampouco podes matar a quen queiras. A relixión e a cultura están aí para poñer límite a ese nihilismo homicida, para regulamentar a violencia guerreira. Cando todo está permitido, Deus e a tradición morren; e se todo continua sendo permitido, entón morre tamén a orde secular da polis”. O odio lexitímase cando todo se permite. Que se lexitime en nome de Deus é o colmo de todos os colmos. Mentres escribo estas liñas, chégame a información dun novo atentado, esta vez na

cafetería Frank Sinatra, repleta de estudantes da Universidade Hebrea de Monte Scopus en Xerusalem. De momento morreron 7 mozos que preparaban os seus exames, e outros 74 están feridos de diversa gravidade.

Os cravos sen cabeza que acompañan ás bombas suicidas, para aumentar o seu potencial destrutor, non teñen piedade... A noticia chega en forma de titular sanguento, pero, novamente, a gramática está cargada de ideoloxía: “milicianos palestinos”, “vinganza previsible”, “resistentes”... Ao final, resultará que foi Sharon quen matou aos mozos universitarios. A lexitimación do odio...

A favor de Israel, pois, porque, sen deixar de entender a causa palestina, podo e quero entender tamén a causa israelí. Entender significa aceptalo todo, xustificalo todo, asumir as moitas responsabilidades que tamén teñen no conflito?

Resulta evidente que non, pero non vou cometer o erro que tantas veces cometemos os que escribimos en termos de comprensión respecto a Israel: non vou a xustificarme. O longo introito de excusas, parabéns e xustificacións múltiples que temos que escribir os que erguemos o dedeiro, case acomplexados, e dicimos que tamén asiste a razón a Israel, é un dos procesos de demonización da opinión máis evidentes e exasperantes dos últimos tempos.

Ninguén que escriba a favor das razóns palestinas, aínda que milite nun aberrante maniqueísmo simplista, necesita explicarse. A razón universal asístelle alén incluso da razón. Porén, o só feito de intentar recuperar algúns dos fragmentos dese espello roto que é a verdade, e lembrar que tamén existen razóns, e vítimas, e dor israelí, implica un xesto sospeitoso por natureza, un xesto que nos converte inmediatamente en cómplices do terror. Case temos que demostrar que somos demócratas, ás veces diante de demócratas de toda a vida que non senten ningún pudor en defender actos de terrorismo totalitario. Neste basto contexto de criminalización da opinión que non é visceralmente pro-palestina, se sitúa o que moitos xudeus chaman “a culpa actual de Europa” e que se resumiría na frase dun xudeu catalán, Ari Eljarrat, que me escribía nun e-mail: “a posición visceralmente pro-palestina de Europa é un freo para a paz na zona”.

Estou segura diso, de xeito que vou verbalizar unha auténtica provocación: o europeo e o palestino atópanse nun lugar común de poderoso atavismo e simboloxía, e xa que logo están tan unidos: atópanse no lugar común da xudeofobia. Europa é responsábel directa de alimentala no seu interior, de permitila no exterior e de que a paz na zona non sexa, por agora, nin un horizonte afastado...

Os palestinos séntense lexitimados no seu odio porque Europa os lexitima día a día. E con iso non exclúo que Europa lexitime as razóns da causa palestina, actitude esta pertinente e lexitima. O que denuncio é que lexitima o odio, cousa ben distinta. Bonito cadro, o cadro que conforman os fragmentos do quebracabezas: Europa destrúe todo un pobo; envía os restos do naufraxio lonxe de casa, convencida do seu escaso valor –a sorpresa da vitoria israelí nas guerras ás que foi abandonado o pobo xudeu, aínda resoan nos despachos do poder europeo –; e despois négalle o dereito a usar a terra na que un día o botou, ese anaco de deserto que ninguén quería.

Así, a xudeu vitorioso pasa a ser novamente un personaxe incómodo, indixeríbel e, enriba, notoriamente antipático, como antipática é a visualización permanente da propia culpa. Do xudeu vitorioso pasamos ao xudeu perseguidor, concepto moito máis dixeríbel e enriba entroncado co noso pasado glorioso: ou non é a reedición moderna da xudeu malo, usureiro e papanenos do noso pensamento medieval? Que linda maneira de reencontrarnos a nós mesmos. até Isabel a Católica, esa á que fan santa, debía de ter razón!

Son e síntome de esquerdas, aínda que despois de ler todo isto, Maruja Torres me expulsará do olimpo, que nas Españas a esquerda é arabista ou non é... Pero, cuestións vaxinais aparte, ser de

esquerdas é, para min, algo máis que unha definición ideolóxica, é unha posición diante da vida, diante da sociedade, diante do pensamento. Selo implica exercitar o sentido dialéctico, a crítica e a autocrítica, e desexar transgredir a realidade para melloralala.

Nunca entendín porqué esa postura vital, que se converte nunha posición ideolóxica, pode servir como escusa para canalizar dogmatismos acrícticos, maniqueísmos simplistas e até racismos encubertos. Ou directamente, para verbalizar parvadas. O antiamericanismo, por exemplo, tamaño desatino do pensamento único da esquerda que non pensa demasiado. Ou a xudeofobia, nunca recoñecida e non obstante sempre presente. Ou o antisionismo, paraugas para encubrir con cómoda prestación o antisemitismo de sempre. Ou... por iso tamén escribo a favor de Israel, porque existe e ten que existir unha esquerda que non faga seguidismo da propaganda, que abraza causas sen afogar as causas do veciño, que ama a Palestina porque previamente entende e ama a Israel.

Unha esquerda, en todo caso, que cando le o dos “campos refuxiados en Jenín” -¿refuxiados? en Jenín?- se farta de rir por non fartarse de chorar, doída pola traizón que a información sofre en mans dos informadores.

Unha esquerda que se sente cómplice da esquerda israelí, e busca e non acaba de atopar a esquerda palestina... Unha esquerda que pode defender unha causa, pero que nunca aceptará que por unha causa se pode permitir todo, a morte indiscriminada, por exemplo...

Unha esquerda, en fin, que se sabe culpábel como europea, e que non está disposta a volver a traizoar a súa alma xudía. Existe? Reclámoa para min e para moitos, a pesar de ser consciente da minoría dentro do magma acriticamente pro-palestino que nos camufla. E dígoo por se non quedou meridianamente claro: o seu defecto non é a súa complicidade palestina. O seu defecto é seu acriticismo. Queda pois dito: a favor de Israel, a forma máis intelixente, razoable, prudente e honesta de ir a favor de Palestina.

“Am Israel jai be-Israel” (“o pobo de Israel vive en Israel”). Era o 14 de maio de 1948 e a frase, pronunciada por Ben Gurion, pechaba un ciclo de miles de anos de diáspora, persecución, morte e resistencia. Pero nada impedía que tamén vivise, en franco veciñanza, o pobo palestino. Un pobo que chegou en masa aos desertos de Xudea precisamente porque chegaron os xudeus... Máis de 50 anos despois, os palestinos aínda non entenderon que Israel ten o dereito a existir. E, porén, por moita camaradaría de salón que reciban dos seus aliados europeos, a súa única posibilidade de gañar a razón histórica é entendéndoo...